



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 777/1102

RESOLUCIÓN ALCALDÍA:

Por Resolución desta Alcaldía de data 09.03.2020 acordouse a constitución dun Comité de Coordinación de Políticas Públicas Municipais en materia de Festas do Concello de Vigo, a efectos de promover, impulsar e coordinar esta área de xestión municipal como prioridade na delimitación da dirección política, no marco da potestade de autoorganización municipal, en relación cos eventos organizados polo Concello a iniciativa propia, e, en particular, coa “Liña estratéxica 1: Deseño, desenvolvemento, xestión e execución da programación propia anual”, do “Plan de Dinamización e Desenvolvemento do Servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023” (expte. 8385-335), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 6 de febreiro de 2020, coa composición e funcións recollidas na mesma.

Nestes intres resulta máis preciso que nunca impulsar a axilidade procedimental e a simplificación de cargas administrativas, no marco dunha administración dixital que debe ofrecer rápida resposta aos retos xerados, cuestións que resultan máis acaídas no marco do funcionamento de órganos de natureza unipersonal. Á vista destas circunstancias, parece pois que resulta aconsellable deixar sen efecto a citada resolución e, en consecuencia, proceder á disolver o Comité de Coordinación de Políticas Públicas Municipais en materia de Festas do Concello de Vigo, sen perxuízo da instrumentación doutras ferramentas colaborativas e de coordinación entre as distintas áreas de goberno que, en exercizo das miñas competencias, poida establecer e da coordinación que xa se ven desenvolvendo en períodos anteriores ao dito Comité.

Polo tanto e, no exercizo das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:

RESOLVO:

Primeiro.- Disolver o Comité de Coordinación de Políticas Públicas Municipais en materia de Festas do Concello de Vigo constituído en virtude de Resolución de Alcaldía de data 09.03.2020 e, en consecuencia, deixar sen efecto, na súa totalidade, a citada Resolución

Segundo.- Dar traslado da presente Resolución aos interesados, así como aos responsables administrativos dos Servizos municipais afectados e á Xunta de Goberno Local, para o seu coñecemento e efectos. Proceder á súa publicación na intranet municipal no Portal da Transparencia, conforme ao disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

CCA

Data e sinatura dixital.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/07/2020 09:46

Páxina 1 de 2

Expediente 777/1102

CSV: 26ECE7-D4B9EA-2B8DC7-6SQBE2-HN6G15-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O ALCALDE, ABEL CABALLERO ÁLVAREZ
A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL, M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/07/2020 09:46

Páxina 2 de 2

Expediente 777/1102

CSV: 26ECE7-D4B9EA-2B8DC7-6SQBE2-HN6G15-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>